



Concello de Xinzo de Limia

ORDENANZA FISCAL Nº 9: REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A DOMICILIO.

Publicacións:

Inicial, BOP 30/12/89

Adaptación L25/98, BOP 31/12/98

Modificación (adaptada LHL), BOP 25/01/04

Modificación BOP 22/02/08

Corrección de erros BOP 22/02/08

Modificación (provisional) BOP 30/12/08

Modificación BOP 24/12/2011

Modificación BOP 29/12/2012

Modificación BOP 26/12/2013

Modificación BOP 31/12/2014

Modificación BOP 31/12/2016

Modificación BOP 29/12/2017

Corrección de erros BOP 11/01/2018

Modificación BOP 26/12/2018

Modificación BOP 28/12/2019.

Modificación BOP 20/12/2021

Modificación BOP 27/12/2022.

Modificación BOP 22/12/2023

Modificación BOP 24/12/2024

Última modificación BOP nº 250, de 31 de decembro de 2025.

COMPLEMENTARIA:

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO. BOP 02/11/02

Disposicións xerais

Art. 1º.-

1. No uso das facultades concedidas polos art. 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e en conformidade co disposto nos art. 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de Decembro, Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola subministración de auga a domicilio, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, que ten unhas normas que atenden ó previsto no art. 58 da Lei 39/88 antes citada.

2. Conforme ó disposto no art. 34 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a subministración de augas potables declárase de recepción e uso obrigatorio para toda clase de vivendas e instalacións hixiénicas de todo xénero de establecementos industriais e comerciais.

3. A presente taxa derivase igualmente da normativa que se contén na Lei 25/98, de 13 de Xullo, modificadora do Réxime Legal das Taxas Estatais e Locais e de reordenamento das Prestacións de Carácter Público.

Obxecto da exacción

Art. 2º.- Constitúe o obxecto desta exacción:

- a) A subministración de auga potable, tanto para usos domésticos como para usos industriais.
- b) O ligamento e a contratación do servizo.



Concello de Xinzo de Limia

Obriga de contribuír

Art. 3º.- A obriga de contribuír prodúcese polo outorgamento do correspondente contrato ou o inicio da subministración, ou pola efectiva prestación do servizo.

Persoas obrigadas ó pagamento

Art. 4º.- Son suxeitos pasivos da taxa, e obrigados ó pagamento, os usuarios que teñan outorgado ó seu nome o contrato de subministración e instalados os aparellos contadores.

Nos demais servizos, será suxeito pasivo a persoa que os solicítase e solidariamente con el o propietario do inmovble que reciba os servizos grabados.

Tarifas

Art. 5º.- *A contía da taxa que regula esta ordenanza será a que se fixe nas seguintes tarifas:*

Módulos tarifa: €/m.3

Cota de servizo: 1,47 €/ab.mes

Conservación de acometidas e contadores: 1,64 €/ab.mes

Ata 30 m3: 0,2717 €/m3

De 30 a 50 m3: 0,3964 €/m3

De 50 a 80 m3: 0,5651 €/m3

De 80 a 100 m3: 1,2442 €/m3

Máis de 100 m³ domésticos: 2,4071 €/m3

Máis de 100 m3 industriais: 1,9235 €/m3.

Tarifa especial en caso de fuga: *No suposto de que na instalación interior dun aboado se produzan fugas de auga de xeito inadvertido que deran lugar a un consumo que sexa superior ao quíntuplo do volume medio dos períodos de facturación inmediatos anteriores que representen o ciclo dun ano de facturación, sempre e cando se verifique que ditas fugas non son imputables nin a unha acción deliberada do aboado nin a unha manifesta negligencia no mantemento que corresponde ao aboado, procederá a aplicación da tarifa especial en caso de fuga.*

Neste senso, ó consumo medio habitual determinado aplicaráselle a tarifa ordinaria ou xeral para cada bloque de consumo e ó exceso de consumo sobre o habitual aplicaráselle a tarifa especial en caso de fuga que consistirá na tarifa de consumo media dos bloques vixente no período de devengo.

As condicións para a aplicación da tarifa especial en caso de fuga son as seguintes:

A solicitude de aplicación da tarifa especial en caso de fuga será presentada dentro dos dous períodos posteriores á posta ó cobro do recibo afectado. Dita tarifa só se poderá aplicar como máximo durante dous períodos consecutivos ao considerarse a afección de máis períodos como unha negligencia na conservación e mantemento da instalación. Non se admitirán solicitudes de aplicación da tarifa especial por fuga antes de transcorrido o prazo de 24 meses dende a última aplicación da tarifa especial por fuga, nin tampouco as solicitudes que a entidade subministradora considere recorrentes e periódicas, que puidera entenderse que son realizadas en fraude.

En canto a documentación a presentar coa solicitude de aplicación da tarifa especial en caso



Concello de Xinzo de Limia

de fuga, esta deberá ser presentada polo titular do contrato de subministro ou por representante autorizado polo mesmo e deberá ir acompañada da correspondente factura de reparación ou informe pericial detallado remitido pola aseguradora do aboado xunto coa certificación de ter realizado a reparación.

Nos casos nos que non quede suficientemente acreditada a natureza da fuga e/ou as medidas tomadas para evitar a súa reiteración, poderanse solicitar ó aboado outros documentos complementarios co fin de clarificar a natureza da fuga e a súa reparación. Asemade o Servizo poderá efectuar as inspeccións que sexan necesarias ao punto de subministro, co fin de realizar as comprobacións que estime oportunas, sendo por conta do aboado os gastos nos que se incorra.

Centros ensinanza secundaria: tarifa media

*Construcións e obras: Por cada m3 de auga consumido: **0,2543 €/m3***

Contratación do servizo e dereitos de conexión:

*De aplicación sempre que se produzan altas ou contratacións de servizo. Por cada contratación de servizo: **47,9639 €***

Servizos complementarios

Conexións á rede:

*a) Por licenza de conexión á rede: **19,1716 €***

b) A instalación de tomas de auga, subministración e colocación de tubos, chaves de paso, ramais ata as fachadas dos edificios, locais, etc., liquidaranse polos prezos dos materiais empregados, gastos de persoal e gastos complementares de todo tipo, cunha recarga do 7% por dirección técnica e do 10% en concepto de administración.

Prazos e forma de pagamento

Art. 6º.- A liquidación do importe dos consumos recadarase trimestralmente, en xeral mediante recibos baseados nos consumos verificados por contador.

Art. 7º.- Transcorrido o prazo do período voluntario do cobro correspondente á liquidación de cada trimestre, e coa independencia da exacción do importe do recibo en vía executiva, de non ser efectivo, previa comunicación ó Sr. Enxeñeiro-Chefe da Sección de Industria da Delegación Provincial de Industria, a teor do disposto no art. 84 do Regulamento de Verificacións Eléctricas de 12 de Marzo de 1954, aplicable ás subministración de auga, haberá dereito a suspender o servizo e levantar as chaves de paso ou o ramal de zona ó industrial, propietario ou consumidor que estea incurso nesta situación, sen que se poidan opor os interesados nin presentar pola suspensión da subministración reclamación de clase algunha. Esta suspensión do servizo orixinará á súa vez a rescisión do contrato.

Outras normas

Art. 8º.- Toda alta como abonado esixirá a constitución dun depósito fianza en metálico de 12,06 euros.

Esta fianza poderá ser incrementada por acordo da Comisión Municipal de Goberno.

Artigo 9º.- A cuantificación da garantía a esixir ó interesado será obxecto de informe do departamento técnico de urbanismo en función das características das obras a desenvolver.

Art. 10º.- No caso de paralización dun contador ou fallos graves no seu funcionamento, liquidarase o consumo nos termos do facturado no ano anterior e, subsidiariamente, pola



Concello de Xinzo de Limia

media aritmética dos tres trimestres inmediatamente anteriores.

Infraccións e penalidade

Art. 11º.- Ninguén poderá utilizar a auga do servizo sen formalizar o correspondente contrato de abono ó mesmo. Quen así o fixese incorrerá en multa, que imporá a Presidencia, sen prexuízo da liquidación e pagamento das cotas defraudadas durante o tempo en que se produza este aproveitamento.

Art. 12º.- Considerarase infracción desta ordenanza, e do uso do servizo, todo acto realizado polo usuario que signifique uso anormal ou incumprimento de preceptos regulamentares, sempre que tales actos non teñan por obxecto eludir o pagamento das taxas ou aminorar a súa liquidación.

Especialmente, consideraranse infraccións os actos seguintes:

- a) A rotura inxustificada de precintos.
- b) A negativa, sen causa xustificada, a permitir que os axentes do servizo teñan acceso ós aparellos contadores ou ás instalacións de entrada e distribución para a súa inspección. De orixinarse avarías intencionadas, ou por causas alleas ó natural desgaste dos aparellos medidores da auga, imporase a sanción que houbera lugar.
- c) Modificar a situación do contador ou establecer obstáculos que impidan a súa normal lectura, despois de ser dado de alta polo Concello, sen contar coa previa autorización municipal.

As infraccións sancionaranse con multas na contía que permitan as disposicións legais.

Especialmente, consideraranse actos de defraudación:

- a) Os de utilización da auga sen previo contrato e alta formalizada.
- b) Os de destinar a auga a usos diferentes a aqueles para os que foi contratada.
- c) Os de alteración das instalacións de forma que permita o consumo sen previo paso polo aparello contador.

As defraudacións serán sancionadas conforme ás normas legais e regulamentares vixentes en cada momento, sen prexuízo do cobro do consumo efectuado conforme á tarifa, para a liquidación desta tarifa utilizaranse os datos dispoñibles, e no seu defecto, o sistema de estimación.

O descubrimento dunha defraudación autorizará á Administración municipal a interromper o servizo.

Art. 13º.- As precedentes sancións son de carácter fiscal e serán impostas sen prexuízo das responsabilidades ás que haxa lugar por aplicación das oportunas Leis e Regulamentos vixentes no momento.

Art. 14º.- Sempre que a Administración sexa acreedora por aproveitamento, servizos ou sancións, reintegrarase con cargo ó depósito que se regula no art. 8º desta ordenanza, surxindo a obriga de constituilo de novo ata o seu total importe.

Art. 15º.- As cotas lexitimamente impostas en virtude desta ordenanza, e que non puideran facerse efectivas no proceso de recadación serán declaradas erradas á proposta da Tesourería municipal.

A declaración de erros levará parella a suspensión e corte do servizo, agás que a Administración municipal o estime estritamente necesario para un mínimo sanitario. Así mesmo, se incorrese nesta situación quedará inhabilitado para renovar a concesión ata que non fose satisfeita a contía, así como a multa que se impoña pola Presidencia dentro dos límites que correspondan.

Art. 16º.- O servizo non se fará responsable das interrupcións involuntarias do abastecemento



Concello de Xinzo de Limia

de augas, e en caso de escaseza, por calquera motivo, resérvase o dereito de suspendelo nas zonas que máis conveña, ou a toda a poboación en determinadas horas.

Art. 17º.- O Concello non se verá obrigado a facer descontos no caso de interrupcións na subministración da auga por accidentes nos encanamentos, obras necesarias ou casos fortuitos, sempre que estas interrupcións non duren máis de seis días naturais. De exceder este prazo, farase un desconto proporcional, tendo en conta o consumo e tempo transcorrido sen servizo.

Toda interrupción do servizo imputable directa ou indirectamente ó abonado non será obxecto de desconto ningún calquera que fose a súa duración.

Las tarifas especificadas en esta ordenanza, se incrementarán anualmente en función del I.P.C. correspondente.

Disposición final.

A presente modificación da ordenanza fiscal, cuxa aprobación foi acordada provisionalmente polo Pleno municipal na reunión de 7 de novembro de 2025, modifica á anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2026, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente.